

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 18 DE DECEMBRO DE 2014,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, como expediente anticipado de gasto e suxeita a regulación harmonizada, da prestación do servizo de mantemento dos edificios administrativos da Xunta de Galicia e a subministración enerxética prestacional do Complexo Administrativo de San Caetano, polo importe de licitación de catorce millóns douscentos trinta e sete mil setecentos setenta euros e noventa e seis céntimos (14.237.770,96 euros), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de dezanove millóns catrocentos quince mil cento corenta e dous euros con vinte e cinco céntimos (19.415.142,25 euros).
- Acordo polo que autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior, promovidos polos axentes de cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza o gasto para a execución da obra de mellora dos bombeos de Esteiro e Sabuqueiro e telexestión. Boiro (A Coruña), clave OH.315.1029, por unha contía dun millón noventa e tres mil seiscentos doce euros



con setenta e cinco céntimos (1.093.612,75 euros). Expediente anticipado de gasto.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 5 de xullo de 2013, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ferrol, para a xestión do servizo de comedor escolar en oito centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de cento seis mil douscentos euros (106.200 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe de seiscentos oitenta e dous mil cincocentos euros (682.500 euros).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de combustible de calefacción -gasóleo C-, para os centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe de tres millóns douscentos trinta e catro mil sesenta e oito euros con sesenta e catro céntimos (3.234.068,64€), e un valor estimado de sete millóns catrocentos oitenta e tres mil setecentos noventa e cinco euros con vinte céntimos (7.483.795,20€).

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, por un importe de tres millóns sete mil oitocentos vinte e dous euros (3.007.822 euros).
- Acordo polo que se aproba a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2016

### **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**



- Informe sobre a resolución conxunta da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Secretaría Xeral de Cultura, pola que se aproba o marco de referencia do Arquivo Dixital Integrado de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a actualización da orde de prezos medios de mercados correspondente ao ano 2015.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria da orde de axudas ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia.



## **A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA O USO DA HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA PARA QUE POIDAN ACCEDER A ELA OS MÉDICOS FORENSES**

- ***Deste xeito, a actividade destes profesionais poderase realizar nun menor prazo de tempo***

O Consello da Xunta acaba de aprobar o Decreto que modifica ao anterior 29/2009, do 5 de febreiro, que regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, para permitir aos médicos forenses dispoñer de información de cada paciente de forma inmediata cando desenvolvan a súa actividade en centros dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Isto mellora a eficacia na realización de autopsias e outras actuacións derivadas de investigacións xudiciais abertas. Deste xeito, a actividade destes profesionais poderase realizar nun menor prazo de tempo e cunha maior eficacia.

Co Decreto 29/2009, Galicia deu un paso decisivo na utilización das novas tecnoloxías da información para a elaboración e o acceso á historia clínica dos pacientes. O sistema operativo IANUS permitiu integrar nun único soporte toda a documentación clínica xerada nos distintos niveis de atención aos pacientes, permitindo ademais o acceso ás historias de forma simultánea, mellorando o sistema documental existente ata ese momento.

A posta en marcha da historia clínica electrónica facilita tamén a accesibilidade doutros profesionais e persoal distinto daquel que presta asistencia sanitaria directa ao paciente, mantendo ao mesmo tempo a seguridade necesaria dos datos persoais.



## O PRÓXIMO CONTRATO DE MANTEMENTO DA XUNTA DE GALICIA INCLÚE 19 CENTROS NOVOS E UNHA AMPLIACIÓN DAS PRESTACIÓNS DO SERVIZO

- *O novo contrato entrará en vigor en xuño de 2015, terá unha vixencia de 48 meses prorrogables e un importe de licitación superior aos 14 millóns de euros*
- *Como novidade, respecto ao anterior, cubriranse as instalacións do 061, Igape, EGAP, IGVS, Augas de Galicia ou o CRI de Santiago, entre outras*
- *Auméntase a cobertura no mantemento de ascensores e inclúense prestacións novas como a elaboración de certificados de eficiencia enerxética*
- *San Caetano instalará un circuíto de calefacción de biomasa que, xunto cos certificados de eficiencia enerxética, suporá un aforro de 460.000 euros anuais*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do expediente para a contratación do novo servizo de mantemento dos edificios administrativos do Executivo autonómico, cuxo contrato se vai caracterizar por ampliar os centros atendidos e aumentar as prestacións do servizo.

O novo contrato terá un importe de licitación de 14,2 millóns de euros e entrará en vigor en xuño de 2015 cunha vixencia de 48 meses prorrogables. Ademais, tamén inclúe a subministración enerxética prestacional do Complexo Administrativo de San Caetano.

No marco da Lei de racionalización do sector público autonómico e do Plan de mellora da contratación pública 2014-2016, a vindeira contratación inclúe o mantemento de 19 novos centros. Entre estes novos espazos encóntranse instalacións como o 061, Igape, EGAP, CIS Galicia, IGVS, Augas de Galicia ou o Centro de recuperación Integral para Mulleres Vítimas da Violencia de Xénero (CRI), que botou a andar o pasado mes de xuño.

Así mesmo, auméntase a cobertura no mantemento de ascensores que pasa a ser de todo risco e inclúense prestacións que non estaban no contrato anterior como son o mantemento dos arcos e escáneres, a elaboración dos certificados de eficiencia enerxética e a monotorización de consumos (auga, luz, gas...) nos sete edificios principais o que permitirá ser máis eficientes.

### **San Caetano pasa á biomasa**

Por último, inclúese como prestación do adxudicatario a subministración de combustible para os equipamentos térmicos do Complexo Administrativo de San Caetano, tendo a obriga de executar ao seu cargo a instalación dun circuíto de calefacción (*district heating*) no citado complexo que empregará como combustible a biomasa.



Este cambio de instalacións de combustible de gasóleo a biomasa e a elaboración dos certificados de eficiencia enerxética de todos os edificios incluídos no prego suporá un aforro anual de 460.000 euros. Do mesmo xeito, darase un paso importante no desenvolvemento da biomasa en Galicia coa posta en funcionamento do proxecto piloto de San Caetano que permitirá avanzar na produción dunha enerxía autóctona, na xeración do emprego no monte galego e a súa posta en valor, así como nunha redución das emisións de CO<sub>2</sub>.



## **A XUNTA DESTINA PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS PARA PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO**

- ***Vicepresidencia aproba as ordes que establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións para proxectos e microproxectos de cooperación no exterior***

O Consello da Xunta aprobou a orde que regula a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos e microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior, que no bienio 2015-2016 ascende a 3.650.000 euros, dos que 1,8 millóns corresponden ao 2015 e os restantes ao ano 2016.

Así se establece no marco normativo das axudas aos proxectos no exterior executados polas organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento (ONGD), dos proxectos no exterior executados polos outros axentes de cooperación recoñecidos pola Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, como son universidades, empresas, sindicatos, fundacións e comunidades galegas; e dos microproxectos no exterior executados polas organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento (ONGD) e polos outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

A convocatoria de subvencións para proxectos de cooperación no exterior de ONGD vén publicándose anualmente desde o ano 1995; a de axudas para proxectos no exterior doutros axentes, desde o ano 2003; e a de microproxectos no exterior de ONGD, dende o ano 2008. Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, nesta convocatoria varíanse os criterios de financiamento de xeito que se financiarán como máximo dous proxectos, ben sexa individuais o en agrupación, e ademais as entidades que presenten solicitudes á convocatoria de proxectos no exterior non poderán presentarse á convocatoria de microproxectos no exterior e viceversa.

A convocatoria de microproxectos no exterior ábrese por primeira vez aos outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento que estean inscritos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

### **III Plan director cooperación galega 2014-2017**

Estas tres convocatorias enmárcanse no III Plan director da cooperación galega 2014-2017, así como no proxecto de Plan anual da cooperación galega 2015. Na procura de dar cumprimento á estratexia prevista no III Plan director, as convocatorias baséanse na aposta por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación, por unha cooperación máis selectiva, de maior impacto e presenza, concentrada



xeográfica e sectorialmente, o que redundará nunha maior visibilidade da cooperación galega e nunha maior orientación estratéxica coa posta en valor das vantaxes diferenciais de Galicia, como son a cooperación en sectores en que Galicia pode ofrecer unha experiencia e coñecementos específicos como a pesca, cooperación en países de fala lusófona ou naqueles latinoamericanos onde hai cultura de cooperación dos nosos axentes.





## **A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NA MELLORA DOS BOMBEOS DE ESTEIRO E SABUQUEIRO PARA RENOVAR E OPTIMIZAR O SISTEMA DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE BOIRO**

- ***O proxecto prevé un novo pozo de bombeo que substituirá o de Esteiro, con bombas capaces de impulsar 67 litros por segundo***
- ***No caso do bombeo de Sabuqueiro, instalaranse bombas somerxibles capaces de impulsar 86 l/s***
- ***Estas melloras tamén se centrarán na instalación dun mecanismo de telexestión para o control dos tres bombeos principais da rede de Boiro (tanque de Chouza, Esteiro e Sabuqueiro), así como a obtención de datos en tempo real dos caudais***
- ***A Xunta, mediante estas accións, incrementa a eficacia do sistema de depuración do concello de Boiro, mellorando tamén o saneamento da ría de Arousa e blindando actividades como o marisqueo, a pesca ou o turismo***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza o gasto para a execución da obra de mellora dos bombeos de Esteiro e Sabuqueiro, no concello de Boiro, co fin de renovar e optimizar o sistema de saneamento deste municipio.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, financia a totalidade destas actuacións, cuxo investimento ascenderá a 1.093.612,75 euros. A Xunta, mediante estas actuacións, colabora co Concello de Boiro para mellorar a eficacia dos seus sistemas de depuración e optimizar o saneamento da ría de Arousa, blindando así actividades fundamentais para esta zona como o marisqueo, a pesca ou o turismo.

A rede de saneamento de Boiro está composta polos seguintes elementos principais: tanque de Chouza, bombeo de Esteiro, bombeo de Sabuqueiro e estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Cabo da Cruz. Este sistema presenta carácter unitario, aínda que existen zonas onde o saneamento é separativo, detectándose achegas procedentes tanto de redes de pluviais como infiltracións debido ao mal estado da rede en numerosos puntos.

Segundo os estudos realizados por Augas de Galicia, os caudais reais impulsados polas bombas existentes actualmente en Esteiro e Sabuqueiro están afastados dos que teoricamente deberían bombear, o que pon de manifesto a perda de rendemento que teñen sufrido estes equipos por mor da súa antigüidade.

Por unha parte, o bombeo de Esteiro presenta un funcionamento deficiente, xa que o volume do pozo é reducido e provoca que en caso de parada das bombas en tempo de chuvia, se produza un alivio. Ademais non existe unha conducción pola que se realicen de forma directa os alivios procedentes do pozo de bombeo, efectuándose por fluxo



inverso mediante o colector unitario que cruza cara ao mar baixo a praia de Esteiro. Ademais, o incorrecto servizo deste sistema de alivio provoca que nos días de marea alta suban os niveis nos pozos e se levanten as tapas de saneamento.

Para solucionar estas deficiencias proxéctase un novo pozo de bombeo que substituirá o existente nas inmediacións del e contará con bombas con capacidade para impulsar 67 l/s. O pozo de bombeo disporá dunha cámara de entrada onde se situarán o pozo de grosos e dúas canles en paralelo. As bombas instalaranse nunha cámara seca, onde tamén se colocará un equipo antiariete de 2.000 l e unha bomba de desaugamento e anexa estará a cámara húmida, na cal se colocarán un axitador de hélice e unha bomba de extracción de areas.

O proxecto prevé as conexións da rede existente co novo bombeo, cun treito de unión do colector interceptor existente coa entrada do novo bombeo de 14,76 m en colector de PVC 630 mm. Ademais será preciso a execución dun novo intervalo de impulsión de 36,61m para o enlace do novo bombeo co tramo de impulsión existente.

Por outra parte, no bombeo de Sabuqueiro, o pozo é de similares características ao de Esteiro. No que respecta ao funcionamento das bombas, detectáronse problemas de baixo rendemento, así como paradas frecuentes dos equipamentos, aínda traballando en tempo seco.

A solución dos anteriores problemas centraranse na substitución das actuais bombas, caldeirería e cesto de groso existentes. Establecerase unha configuración de bombas somerxibles capaces de impulsar 86 l/s, e limitarase o caudal máximo para impulsar en caso de funcionamento das tres bombas para non superar a capacidade de tratamento da EDAR de Cabo de Cruz. Executarase unha nova arqueta anexa ao pozo existente na que se instalarán as válvulas, e outra arqueta na entrada do bombeo.

Esta actuación tamén alberga as conexións da rede existente co novo bombeo, con dous treitos de tubaxe de PVC 630 mm que suman una lonxitude de 8,63 m e un treito 5 m de PVC 400 mm para a conexión coa rede existente dos núcleos de Cabo de Cruz.

Estas melloras, que beneficiarán aos case 20.000 veciños de Boiro, tamén se centrarán na instalación dun sistema de telexestión para o control dos tres bombeos principais da rede de Boiro (tanque de Chouza, Esteiro e Sabuqueiro), así como a obtención de datos en tempo real dos caudais circulantes.





Comunicación da Xunta de Galicia  
 San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
 Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
 Correo-e: comunicacion@xunta.es



UNIÓE EUROPEA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
 "Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
 "O FSE inviste no teu futuro"

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN AMPLÍA AO CEIP DE PONZOS O CONVENIO CO CONCELLO DE FERROL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**

- ***Un total de 347 usuarios xantan nos centros educativos do municipio ferrolán ao abeiro deste acordo***
- ***Esta ampliación do convenio demostra a sensibilidade do departamento educativo da Xunta ás demandas da comunidade educativa***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ampliará o convenio suscrito co Concello de Ferrol para a prestación do servizo de comedor escolar de tal forma que un centro máis, o CEIP de Ponzos, quede ao amparo desta colaboración. Deste xeito o departamento educativo da Xunta de Galicia demostra a súa sensibilidade ás demandas da comunidade educativa, engadindo 47 novos comensais aos beneficiados polo acordo, ata chegar a un total de 347 que xantan en centros educativos do municipio ferrolán ao abeiro deste. En concreto, o servizo financiado pola Consellería préstase no CPI Almirante Juan de Lángara y Huarte e nos CEIP Cruceiro de Canido, Recimil, Isaac Peral, Manuel Masdías, San Xoán de Filgueira, Esteiro, Pazos e, agora, o CEIP de Ponzos.

No marco destes acordos de colaboración, a Consellería subvenciona os menús do comedor escolar. Pola súa banda, as entidades municipais comprométese á elaboración dos menús escolares, á repartición e recolla deles nas mesas do comedor; así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas. Neste momento – ademais de en Ferrol- existen convenios de colaboración para a prestación deste servizo cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Mugardos, Muíños, Oroso e Santiago de Compostela.

Con este tipo de acordos, o departamento que dirixe Xesús Vázquez Abad reafirma o seu compromiso con este tipo de servizo complementario educativo. O número de usuarios de comedor escolar ascende este curso (incluíndo as prazas xestionadas pola Xunta, os concellos e as ANPA) a máis de 71.700 comensais, o que supón un incremento do 23,67% respecto das prazas que había no curso 2008/09. Cómpre lembrar, ademais, que o servizo de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e asequibles para as familias de todo o Estado español. De feito, o 83,47% dos comensais utilizan o comedor totalmente de balde ou pagando tan só un euro.





## CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 682.500 EUROS A COLABORAR COA FEGAMP PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA NOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

- ***A Consellería transferiu á Federación Galega de Municipios e Provincias a contía destes servizos, que corresponde aboar á Xunta e están a prestar 36 concellos***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achega no 2014 un total de 682.500 euros á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para aboar os servizos prestados por 36 concellos integrantes dela para a limpeza dos centros públicos integrados (CPI). O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta colaboración, coa cal se avanza na eficiencia e eficacia na prestación dos servizos á cidadanía por parte das administracións públicas.

A transferencia realízase no marco do acordo marco asinado pola Consellería e a Fegamp para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros de ensino, logo da adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

A colaboración entre a Xunta e a Fegamp enmárcase no contexto de colaboración institucional entre as administracións local e autonómica co fin de xuntar esforzos na procura dunha maior e mellor eficacia na xestión dos recursos públicos, favorecendo o seu uso responsable e evitando duplicidades.



## A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA CALEFACCIÓN POR 3,2 MILLÓNS DE EUROS ATA 2016

- ***O consumo reducirase nun 67% respecto do seus uso no período 2011-2012 grazas aos plans de eficiencia enerxética***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente de gasto relativo á contratación da subministración sucesiva de combustible de calefacción –gasóleo C- para os centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe de 3.234.068,64 euros, para os anos 2015 e 2016. O aforro estimado mínimo para toda a duración do contrato (24 meses) é dun 10% (323.000,00 €) sobre os prezos de mercado.

O consumo deste combustible reducirase nun 67% respecto do seu uso no período 2011-2012 grazas á implantación dos plans de eficiencia enerxética de Ferrol, Santiago de Compostela e A Coruña.

O combustible de calefacción, gasóleo C, constitúe un produto básico e de uso común naqueles centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde que aínda non incorporaron un plan integral de eficiencia enerxética ou que non dispoñen de caldeiras de gas natural.

A necesidade do combustible e as circunstancias adversas do mercado aconsellan acometer de forma agregada a adquisición desta subministración.



## **BENESTAR INVESTIRÁ EN 2015 MÁIS DE 3 MILLÓNS PARA MANTER PRETO DE 2.700 PRAZAS EN ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL**

- ***Os destinatarios desta subvención da Consellería de Traballo e Benestar son aquelas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais***
- ***As axudas cobren custos de persoal, de alimentación e outros gastos xerais de mantemento***
- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta liña de axudas, que será publicada no Diario Oficial de Galicia no mes de xaneiro***
- ***A convocatoria destas subvencións adiantase preto de dous meses con respecto ao ano pasado, co fin de que as escolas poidan contar con estas axudas antes***

A Consellería de Traballo e Benestar investirá en 2015 máis de 3 millóns de euros para manter ao redor de 2.700 prazas en escolas infantís xestionadas por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta liña de axudas, que será publicada no Diario Oficial de Galicia o mes de xaneiro. Os destinatarios destas subvencións, que se outorgan en concorrencia competitiva, son aquelas entidades que estean inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Para presentarse, deberán cumprir, entre outros, criterios como adaptar as tarifas ás contías máximas dos prezos dos centros de titularidade pública; ou prestar servizos cinco días á semana durante todo o ano, agás festivos sinalados ou salvo causa xustificada. Estas axudas ocúpense de sufragar custos de persoal, de alimentación, así como outros gastos xerais de mantemento. A convocatoria, que en 2015 se adianta con respecto aos anteriores, prevé tamén a concesión dun anticipo de ata o 25 por cento cando o importe da axuda supere os 18.000 euros. Se non supera esta cantidade, o anticipo poderá chegar ata o 80 por cento.

### **Incremento de prazas**

Esta liña de axuda vén a complementar a oferta da rede pública dependente do Goberno galego, xa que presta o seu servizo nas mesmas condicións que estes centros. O Goberno galego ten marcado como obxectivo aumentar as prazas para nenos e nenas de 0-3 anos, como unha das principais medidas para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar. É, ademais, un dos obxectivos principais fixados no Plan de dinamización demográfica, aprobado no Parlamento galego.

Polo tanto, a aposta da Xunta pola creación de prazas en escolas 0-3 é clara e nos últimos cinco anos incrementouse en máis do 60% a oferta das prazas públicas de escolas infantís, pasando das 5.430 prazas que había en abril de 2009 á oferta actual que é de 8.783. Ademais, o Goberno galego prevé de aquí a que acabe a lexislatura



---

crear máis de 2.000 novas prazas, o cal vai significar que cando remate o 2016 haberá o dobre de prazas das que había en 2009. Ademais, é preciso destacar que no mantemento das preto de 9.000 prazas públicas que hai en funcionamento na actualidade se invetsirán en 2015 máis de 25 millóns de euros.





## **A ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN 2014-2020 CONTARÁ CUN ORZAMENTO SUPERIOR AOS 520 MILLÓNS DE EUROS PARA DESENVOLVER MÁIS DE 300 MEDIDAS**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe de xeito definitivo este documento, que se enriqueceu con 22 novas actuacións tras o diálogo coas entidades do sector***
- ***Inclúe tamén a Estratexia para a poboación xitana, que ten como obxectivo mellorar a calidade de vida deste colectivo***
- ***O investimento previsto para poñer en marcha esta iniciativa é un 126% superior ao que estaba consignado para o anterior Plan de inclusión 2007-2013***
- ***Para garantir a eficacia e flexibilidade deste documento, contará con tres plans operativos bianuais de cara á súa execución***
- ***O documento conta con 317 medidas, articuladas ao redor de 8 eixes transversais e 8 de carácter sectorial***
- ***Farase especial fincapé na investigación da exclusión social, co fin de deseñar as medidas máis axeitadas***
- ***Entre as novas actuacións pactadas co sector, destaca o apoio a entidades para a creación de programas de vivendas tuteladas ou semituteladas para as persoas sen fogar ou con vivenda precaria***
- ***As prioridades da estratexia son, entre outras, loitar contra a pobreza infantil e reducir as consecuencias da exclusión territorial***

O Consello da Xunta aprobou hoxe de xeito definitivo a Estratexia de inclusión social de Galicia (EIS) 2014-2020, que xa coñecera como informe no mes de novembro e que agora pecha a súa tramitación tras incorporar as achegas das entidades do sector. Grazas a este diálogo, incorporáronse 22 novas medidas, co que o número total de actuacións ascende a 316, organizadas ao redor de 8 eixes transversais e outros tantos de carácter sectorial.

O orzamento mínimo –poderá ampliarse- para desenvolver esta iniciativa estímase nunha cifra superior aos 522 millóns de euros. Esta contía de partida xa supón un 126% máis que a partida consignada no anterior Plan de inclusión de Galicia 2007-2013, que contaba con 231 millóns de euros.

Cabe lembrar que na EIS inclúese tamén a Estratexia específica destinada á poboación xitana, que xa fora tamén coñecida polo Consello da Xunta. Esta está composta por 93 medidas ao redor de seis eixes: educación, vivenda, saúde, emprego, servizos sociais e participación

Para garantir a eficacia e flexibilidade de toda esta planificación, elaboraranse tres plans operativos de carácter bianual, o que permitirá axustar a execución das medidas e mesmo incorporar outras novas.



Os principais obxectivos da EIS son a loita contra a pobreza infantil e a redución das consecuencias da exclusión territorial. Perseguirá, ademais, dar un novo pulo á inserción no mercado laboral e mellorar a prevención nos casos de vulnerabilidade. Todas as actuacións están deseñadas tendo en conta a avaliación do anterior Plan galego de inclusión social 2007-2013, de xeito que se pon en valor a experiencia previa e se busca a máxima efectividade.

Ademais, tamén se aumentarán os recursos na investigación para coñecer a fondo os aspectos que afectan máis directamente os fenómenos de inclusión e exclusión social. En total, investiranse 1,75 millóns de euros para coñecer con máis profundidade o problema e así poder ofrecer unha mellor resposta.

En definitiva, o borrador da EIS pretende constituír un marco integrado de intervencións para responder de xeito efectivo e coordinado ás situacións persoais e familiares de risco, pobreza e exclusión social, co fin de procurar os apoios necesarios para estas persoas.

## **22 novas medidas**

A estratexia someteuse ao diálogo coas entidades do sector, co fin de enriquecela. Grazas ás súas achegas, incorporáronse ao documento definitivo un total de 22 actuacións que non aparecían no borrador.

Entre estas, as máis destacadas son: favorecer a participación das persoas en risco de exclusión no proceso de reflexión e toma de medidas; apoiar as entidades para a creación de programas de vivendas tuteladas ou semituteladas para as persoas sen fogar ou con vivenda precaria; habilitar vivendas de titularidade pública como recurso de aloxamento transitorio; apoiar a mellora das competencias clave e capacidades básicas da poboación adulta; promover a inclusión sociolaboral das persoas retornadas; e fomentar a implicación dos medios de comunicación e da iniciativa privada na loita contra a discriminación, pobreza e exclusión.

Ademais destas novas incorporacións, cabe salientar que o borrador xa reforzaba as medidas máis eficientes e propoñía outras novas para avanzar na atención á exclusión social.

Así, entre as novas propostas xa incorporadas no borrador están: acondicionar e reformar, coa axuda do Feder, as infraestruturas destinadas a servizos de atención de necesidades básicas (comedores sociais, albergues...); habilitar un procedemento para o pagamento anticipado das axudas de inclusión social, con carácter previo á súa xustificación, nos casos de familias con menores; ou crear unha bolsa de horas para a



realización de accións de mediación intercultural co colectivo inmigrante e as minorías étnicas.

Tamén establecerá mecanismos para abordar a exclusión territorial como, por exemplo, impulsar a creación de redes de cooperación e espazos de dinamización ou mellorar o acceso aos servizos sociais a través das TIC, promovendo o teletraballo social ou puntos de atención móbiles e flexibles.

### **Aposta pola inclusión**

Esta iniciativa inscríbese na decidida aposta deste Goberno por apoiar as persoas en risco de exclusión. Por iso, en 2015, o orzamento destinado á inclusión medrará nun 17,7%, ata os 70 millóns. En concreto, a Risga contará o próximo ano con 47,7 millóns de euros, un 20 por cento máis en comparación co orzamento inicial de 2014. De cara ao próximo ano cabe destacar tamén o incremento na orde de contratación de perceptores da Risga, que se puxo en marcha por primeira vez este ano, que aumenta nun 100% ata os 10 millóns de euros.

Este esforzo orzamentario complementábase con outras actuacións, como o recente inicio da tramitación da estratexia dirixida ao colectivo xitano –que se incorporará á EIS cando estea pechada-; ou as recentes axudas, anunciadas en colaboración con La Caixa, para familias con necesidades básicas.



## **A XUNTA PORÁ EN MARCHA EN 2015 O ARQUIVO DIXITAL ÚNICO DE GALICIA**

- *É a estrutura tecnolóxica e organizativa que dará soporte ao modelo de xestión de documentos electrónicos*
- *Permitirá eliminar progresivamente o papel na Administración, xestionar con todas as garantías de seguridade e dispoñibilidade a documentación dixital e albergar os fondos dixitalizados do patrimonio documental*
- *É unha das iniciativas do proxecto Arpad de cooperación transfronteiriza, liderado pola Amtega, en colaboración coas consellerías e Vicepresidencia, Facenda e Cultura, a Comunidade Intermunicipal do Minho-Lima, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tui*

Ao longo do ano 2015 entrará en funcionamento a primeira fase do Arquivo Dixital de Galicia, a estrutura tecnolóxica e organizativa que dará soporte ao modelo de xestión de documentos electrónicos da Administración pública autonómica.

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o marco de referencia do Arquivo Dixital de Galicia que establece a política de xestión dos documentos electrónicos da Xunta de Galicia. Este documento será a base para desenvolver todos os aspectos técnicos, normativos e organizativos do proxecto.

A creación do Arquivo Dixital de Galicia é unha das liñas de traballo do Proxecto de cooperación transfronteiriza ARPAD, liderado pola Amtega, xunto co outros sete socios, a Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; o Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financiera e Contable (Cixtec) da Consellería de Facenda e a Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; a Comunidade Intermunicipal do Minho-Lima que integra dez concellos do norte de Portugal; o Concello de Tui e a Deputación Provincial de Pontevedra.

### **Arquivo Electrónico Administrativo e do Patrimonio Documental**

O Arquivo Dixital de Galicia incluírá dúas áreas diferenciadas: o Arquivo Electrónico Administrativo e o Arquivo Electrónico do Patrimonio Documental.

O Arquivo Electrónico Administrativo é a pedra angular da Administración electrónica, xa que permitirá eliminar progresivamente o papel na Administración e xestionar e conservar con todas as garantías de seguridade e dispoñibilidade a documentación dixital durante todo o ciclo de vida administrativa.

É chave para garantir a interconexión dos servizos coas entidades locais e reforzará os servizos do Centro de Proceso de Datos do Gaiás como nodo central de custodia de



toda a información do Arquivo Dixital, desde onde se facilitarán procedementos administrativos e se lles prestará servizos de aloxamento documental ás entidades locais galegas.

Respecto á cooperación transfronteiriza co norte de Portugal, sobre este arquivo organizarase unha rede de rexistros interconectados, que permitirán que cidadáns e empresas de ambos os lados da fronteira poidan entregar documentación en calquera rexistro, independentemente da Administración de destino.

O obxectivo é habilitar servizos públicos online como a e-factura ou a plataforma electrónica tributaria para empresas que teñan actividade comercial coas administracións de ambos lados da fronteira. Deste xeito contribuírase á eliminación do papel e a axilizar os intercambios comerciais na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

O Arquivo Electrónico do Patrimonio Documental albergará os fondos dixitalizados do patrimonio documental. Este Arquivo Electrónico do Patrimonio Documental arrancará coa dixitalización de 50.000 documentos dos Arquivos do Reino de Galicia, do Histórico Provincial de Ourense, e Municipal do Concello de Tui. Será compatible con proxectos europeos como Europeana (punto común de acceso aos fondos das bibliotecas, arquivos e museos de toda Europa).

### **Proxecto Arpad**

O proxecto Arpad enmárcase no Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España – Portugal (POCTEP) e está dotado con 4,7 millóns de euros, cofinanciados nun 75% por fondos Feder.

Os obxectivos desta iniciativa son, xunto coa creación do Arquivo Dixital de Galicia, a conservación e difusión do patrimonio documental conxunto, a habilitación de servizos dixitais e a eliminación do papel nas relacións administrativas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

As actuacións previstas, que se desenvolverán ao longo de 2015, complementan as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia no Plan de modernización da Administración autonómica para ofrecer uns servizos públicos dixitais de calidade desde o sector público galego.



## **A XUNTA REBAIXA NO 2015 UN 12% O VALOR DE MERCADO PARA OS INMOBLES URBANOS E ACUMULA UNHA DIMINUCIÓN DO 34% EN TRES ANOS**

- ***Esta rebaixa súmase á diminución do 22% producida desde o ano 2012***
- ***Así mesmo, introdúcese e modifícanse os coeficientes de singularización cos cales a valoración se adapta de forma máis exacta ao caso concreto***
- ***O sistema de prezos medios é voluntario e achega información obxectiva e seguridade xurídica a todos os cidadáns***

A Xunta de Galicia decidiu revisar á baixa para o vindeiro ano 2015 a súa orde anual que regula o sistema de prezos medios de mercado. O ano que vén o Goberno galego rebaixará un 12% de media o valor de mercado para os inmobles urbanos, de xeito que a diminución acumulada desde o ano 2012 acada o 34%.

Esta rebaixa prodúcese despois de diversas análises de mercado realizadas que consolidan as diminucións levadas a cabo pola Xunta desde o 2012 e que acumuladamente xa supoñían un 22%, segundo reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz.

Ademais, no ano 2015, introdúcese e modifícanse os coeficientes de singularización, establecendo novos coeficientes fixados polo Catastro e modificando outros xa existentes, tomando tamén o valor fixado para o Catastro. Deste xeito, a valoración que se produce adáptase de forma máis exacta ao caso concreto, empregando coeficientes que xa inclúen no seu propio cálculo a motivación da súa utilización.

Desde a implantación deste sistema en 2011, a Consellería de Facenda vén actualizando cada ano os valores medios conforme a evolución do mercado inmobiliario. Deste xeito, a Administración autonómica achega información obxectiva e proporciona seguridade xurídica ao cidadán, ao mesmo tempo que evita a fraude fiscal e mellora a xestión tributaria a través dun modelo que é voluntario.

Todas as actualizacións de valores están realizadas por persoal especializado con base en estudos de mercado, e tense en conta tamén o valor que declaran os propios contribuíntes.

### **Máis transparencia**

A Administración galega decidiu empregar o sistema de prezos medios de mercado, desbotando o sistema que utiliza a estimación de prezos por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal, concretamente mediante a aplicación de coeficientes multiplicadores





sobre o valor catastral, debido á súa excesiva xeneralidade e á súa dificultade para recoller as posibles singularidades dos diferentes inmobles.

Este sistema permítelle ao cidadán coñecer con detalle os criterios empregados para calcular o valor dos inmobles, así como os distintos valores en todas as zonas do territorio galego. Polo tanto, lógrase unha maior transparencia e obxectividade nos criterios empregados na valoracións dos bens e garante un tratamento administrativo homoxéneo en todo o territorio, asegurando a equidade. O modelo achega igualmente seguridade xurídica ao cidadán, xa que a Administración se vincula cos valores publicados.



## **A XUNTA POTENCIA CON 2,2 MILLÓNS OS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS E ASOCIACIÓNS DE PRAZEIROS POLO SEU TRABALLO CLAVE PARA O SECTOR**

- ***Máis de 5.000 comercios asociados poderán beneficiarse deste programa co que se impulsa a competitividade do comercio local e se incentivan as vendas con proxectos de dinamización, fidelización de clientes ou sinalización comercial***
- ***As axudas, que poden chegar ata os 40.000 euros, permitirán atraer clientela ao comercio de proximidade e mellorar os servizos que se ofrecen aos consumidores***
- ***Este ano apoiáronse máis de 500 iniciativas, entre as que se atopan campañas de Nadal ou rebaixas, noites en branco e sistemas de aparcadoiro***
- ***A campaña "Máis que comercio!", coa que Economía e Industria resalta o papel dos CCAs, ten beneficiado xa a máis de 4.300 establecementos, superando as 330.000 participacións de clientes***

A Consellería de Economía e Industria destina 2,2 millóns de euros a potenciar o importante traballo que realizan a prol do comercio local os centros comerciais abertos e as asociacións de prazeiros, figuras clave para o reforzo, desde o asociacionismo, da competitividade do sector. Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, a través desta convocatoria de axudas, que se enmarca na estratexia específica do Goberno galego para impulsar o comercio de proximidade como creador de riqueza e emprego e un importante dinamizador das vilas e cidades galegas, apoiaranse diferentes actuacións que permitirán atraer nova clientela ao comercio de proximidade e mellorar os servizos que se ofrecen aos consumidores.

Así, mediante este programa impulsarase a posta en marcha de campañas de dinamización, sistemas de fidelización de clientes e proxectos de sinalización comercial externa, ademais de financiar o funcionamento das unidades xerenciais e, no caso das asociacións das prazas de abastos, melloras en instalacións e equipamentos.

O obxectivo é superar as cifras da convocatoria de 2014, na cal obtiveron apoios un total de 52 centros comerciais abertos e 22 asociacións de prazas, o que redundou no beneficio de máis de 5.000 pequenos comercios agrupados nelas, e na posta en marcha de máis de 500 actuacións, entre as que se atopan campañas de Nadal ou rebaixas, noites en branco ou sistemas de desconto para clientes en aparcadoiros.

As axudas, que poderán solicitarse durante o prazo dun mes a partir da súa publicación, poden chegar no caso dos centros comerciais abertos ata os 40.000 euros e alcanzar o 80% do investimento subvencionable, en función da poboación dos concellos en que están situados e do número de establecementos asociados. No caso das asociacións das prazas de abastos, a porcentaxe de axuda é do 70%, podendo alcanzar a subvención un máximo de 9.800 euros.





Entre os criterios de valoración para acceder aos apoios, prímase o autofinanciamento das asociacións, a través da captación de socios, prevalecen as actuacións que sexan máis innovadoras, que teñan un maior alcance e impliquen un maior número de comercios, así como as que supoñan beneficios para o ambiente ou as familias numerosas.

O impulso ao asociacionismo comercial, ao cal a Consellería de Economía e Industria destinou máis de 3 millóns de euros este ano en apoios a centros comerciais abertos e prazas de abastos, federacións e asociacións de comerciantes, é unha das liñas principais de apoio ao sector do Goberno galego.

Neste eido estase a desenvolver tamén a campaña de dinamización *Centros comerciais abertos. Máis que comercio!*, coa que a Consellería de Economía e Industria busca reforzar o comercio de proximidade e impulsar as vendas, ao tempo que se resalta o traballo dos centros comerciais abertos. Esta iniciativa, que se desenvolve cada mes en 5 CCA diferentes, premia a confianza dos clientes que escollan ao seu establecemento favorito. Máis de 4.300 establecementos de toda Galicia téñense beneficiado xa desta iniciativa, que supera as 330.000 participacións de clientes.

